

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO SEGUNDO EJERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE ACCESO LIBRE PARA O INGRESO NO CORPO ADMINISTRATIVO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO C1, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 22 DE XUÑO DE 2022. (DOG NÚM. 121, DO 27 DE XUÑO)

En sesión celebrada o 27 de outubro de 2023, o tribunal nomeado por Resolución do 28 de abril de 2023 (DOG núm. 88, do 9 de maio) para cualificar o proceso selectivo de acceso libre para o ingreso no corpo administrativo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, convocado por Resolución do 22 de xuño de 2022 (DOG núm. 121, do 27 de xuño), acordou, de conformidade co disposto na base II.1.1.2 da convocatoria, establecer os seguintes criterios de corrección, valoración e superación do segundo exercicio do proceso selectivo:

#### CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA

As persoas aspirantes deberán resolver por escrito dous supostos de carácter práctico sobre os temas do bloque II do programa indicados no anexo cun total de sesenta (60) preguntas tipo test, con trinta (30) preguntas cada un dos supostos.

Cada suposto do exercicio disporá de tres (3) preguntas de reserva.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

O exercicio terá unha duración máxima de cento vinte (120) minutos.

#### DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA E NÚMERO DE APROBADOS

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 25 puntos.

Obterán 25 puntos as persoas aspirantes que acaden o mínimo do 45% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes, o que supón un mínimo de 27 respostas correctas. O resto das persoas declaradas aptas terá unha cualificación distribuída entre os 25 e os 50 puntos, proporcional ao número de respostas correctas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes declaradas non aptas.

Santiago de Compostela, *(asinado dixitalmente)*

A presidenta do tribunal

Dolores Veiga Gondelle